

ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA LISTA DE CONTRATACIÓN, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL, DE PEÓNS DO GRUPO DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL DO CONCELLO DE FRIOL.

En función da Resolución da Alcaldía do Concello de Friol de data 22.02.2022 apróbanse as bases para o proceso selectivo para a creación dunha lista de contratación, como persoal laboral temporal, de peóns do grupo de emerxencias supramunicipal do Concello de Friol o e publicadas no BOP de Lugo número 46 de 25.02.2022.

De acordo coa Resolución da Alcaldía de data 07.03.2022, aprobase a listaxe provisional de candidatos/as admitidos/as ao proceso selectivo e a composición dos membros do tribunal cualificador.

De acordo coa Resolución da Alcaldía de data 10.03.2022, aprobase a listaxe definitiva de candidatos/as admitidos/as ao proceso selectivo.

Prevía convocatoria de Don José Angel Santos Sánchez Alcalde Presidente do Concello de Friol, citando aos membros do Tribunal cualificador para o acto de constitución en Friol a 11.03.2022 ás 13:00 horas no Salón de Plenos da Casa do Concello de Friol, sito en Praza de España

Queda constituído o tribunal cualificador na forma seguinte:

Presidente: Don Jesús Manuel Conde Fernández.

Secretario: Don José Manuel Loureiro Corrales

Vogais: 3º vogal: Don José Manuel Rocha Sánchez.,.

Non comparecen os vogais 1º e 2º, nin os seus suplentes.

Nesta sesión de constitución o tribunal queda constituído e de conformidade con disposto na base 6.4 da convocatoria adóptanse todas as decisión para o correcto desenvolvemento do proceso e acordase por unanimidade:

PRIMEIRO.- Acordo sobre as instrucións para o desenvolvemento do proceso.

1. Nomear como asesora con voz e sen voto para a primeira proba tipo test a dona María Paz Rodríguez Rivera, sen prexuício dos nomeamentos como asesores que se poidan producir para a segunda proba práctica.
2. Proceder a valoración de méritos, unha vez publicada a listaxe definitiva de aspirantes que superaron a primeira proba.
3. De conformidade coas bases que rexen o presente proceso selectivo- base 6.4, todos os acordos do tribunal, serán impugnables nos supostos e forma establecida pola Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establecéndose por este tribunal un prazo de dous días hábiles para formular alegacións dende a publicación da listaxe de cada unha das probas do proceso selectivo.
4. As convocatorias, sesións, e actos do Tribunal, poderanse realizar conforme o previsto nos artigos 17 e seguintes da Lei 40/2015 LRJSP.
5. O primeiro exercicio tipo test, realizarase no modelo facilitado o efecto no que consignarán os datos persoais e a sinatura dos aspirantes, debendo entregar o mesmo ao finalizar a proba o tribunal.

6. A proba tipo test realizarase na plantilla facilitada polo tribunal na que se consignará o nome e apelidos do aspirante, así como o número de DNI e asinarase a mesma.
7. De conformidade coas bases da convocatoria constará de 20 preguntas tipo test e 5 preguntas de reserva, con catro respostas alternativas, das que só unha será válida e a desenvolver en 35 minutos. (puntuación máxima de 10 puntos sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superar a proba). Cada resposta correcta será puntuada con 0,20 puntos, as respostas erradas restarán 0,10 puntos e as respostas non contestadas non se cualificarán.
8. Os aspirantes deberán comparecer co DNI en vigor para poder realizar a proba.
9. Os aspirantes no momento do seu chamamento depositarán na bolsa facilitada o seu DNI, telefono móbil e reloxo, que lle serán devoltos cando realice a entrega do exercicio.

SEGUNDO.- Acordo sobre o lugar, día e hora de celebración da proba prevista nas bases da convocatoria.

Convócase aos aspirantes admitidos, á realización da primeira proba do concurso-oposición, proba test o vindeiro xoves día 17 de marzo de 2022 ás 10:30 horas no Salón de Actos do Centro Sociocultural de Friol con enderezo na Rúa Deputación nº 12.

E sendo as 13:40 horas levántase a sesión, de todo o cal, como Secretario do tribunal, dou fe co visto e praxe do Sr. Presidente.

Visto e praxe

O Presidente,

Dou fe

O Secretario,

Jesús Manuel Conde Fernandez



José Mauel Loureiro Corrales

